

plan coordinador de  
**SERVIZOS  
SOCIAIS**

**Consortio  
As Mariñas**



**CEIS** Comité de Ética en  
Intervención Social  
**AS MARIÑAS**  
ceisasmariñas@consorcioam.org



**CEIS** Comité de Ética en  
Intervención Social  
**AS MARIÑAS**



### - **Que é o Comité de Ética en Intervención Social As Mariñas?**

É un órgano de consulta sobre os problemas éticos que xorden nas actuacións dos servizos sociais e que está ao servizo das persoas e institucións implicadas nas intervencións sociais do territorio do Consorcio As Mariñas (\*).

(\*). O Consorcio As Mariñas está composto polos concellos de Abegondo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada.

### - **Cal é a súa finalidade?**

- Asesorar nos problemas éticos da intervención social.
- Mellorar a calidade da intervención social e o benestar das persoas usuarias dos servizos sociais.
- Fomentar a cultura ética dos/das profesionais, das institucións e da sociedade.

### - **Quen o compón?**

Profesionais do ámbito social, sanitario, educativo e xurídico que desenvolven as súas actuacións con independencia.

### - **Que funcións ten?**

- Promover unha cultura ética nos servizos sociais.
- Analizar, asesorar e facilitar a toma de decisións ante problemas éticos na intervención social.
- Elaborar e promover protocolos de actuación, recomendacións, informes e códigos de boas prácticas profesionais.
- Promover a formación ética entre os/as profesionais da intervención social.

### - **Cales non son as súas competencias?**

- Adoptar decisións con carácter vinculante.
- Substituír a decisión profesional.
- Asumir a responsabilidade da persoa solicitante.
- Asesorar en supostos nos que a persoa interesada presentara por escrito queixa, denuncia ou reclamación xudicial, laboral ou administrativa.
- Propoñer sancións.
- Pronunciarse sobre cuestións relacionadas coa comisión dun ilícito.

### - **Quen pode presentar unha consulta?**

- Persoas usuarias dos servizos sociais.
- Familiares, acompañantes ou representantes das persoas usuarias.
- Profesionais de institucións, centros, servizos e entidades do ámbito social.
- Outros axentes implicados na intervención social do Consorcio As Mariñas.

### - **Como debo presentar unha consulta?**

Tes que cubrir o modelo de solicitude que podes descargar na páxina web do Consorcio e presentalo da seguinte forma:

- Se es unha persoa xurídica ou entidade a través da sede electrónica.
- Se es unha persoa física, a través da sede electrónica ou de forma presencial nos rexistros municipais do Consorcio As Mariñas .

